

## O GALEGO NA ESCOLA DE IDIOMAS DE MADRID: ENTREVISTAS COAS PROFESORAS

ANA ACUÑA  
Universidad Complutense

### M: As orixes do galego na Escola de Idiomas.

A e N: A Escola Oficial de Idiomas Central de Madrid (Jesús Maestro, s/n) é un centro de ensino público dependente do M.E.C., no que se ofrecen ensinanzas especializadas de idiomas a adultos (entendendo por adultos aquelas persoas de máis de 14 anos). Creouse en 1911 e nela impártense un total de vinte idiomas, entre os que están todos os comunitarios, todos os do Estado e outros como: romanés, chinés, árabe...

O Galego véñse impartindo dende o ano 1985 ininterrumpidamente ata hoxe.

Nun primeiro momento, o Departamento compúñase dunha soa profesora (Neves González Perciro), mais de seguida se ampliou con outra profesora (Ana Montesión Cancio), ambas as dúas licenciadas en Filoloxía Galego-Portuguesa pola Universidade Compostelá.

### M: Os estudos de galego.

A e N: Os estudos de galego na nosa escola constan de cinco cursos divididos en dous Ciclos:

– Ciclo Elemental, que comprende os cursos 1º., 2º. e 3º.

– Ciclo Superior: 4º. e 5º.

Á fin de cada Ciclo o alumno obtén o Certificado correspondente a cada nivel.

O Certificado Elemental permítelles ós nosos alumnos a validación oficial cos Cursos de Iniciación e Perfeccionamento da Xunta de Galicia.

### M: Maneiras de acceder ó galego.

A e N: Co gallo de clasificar a cada alumno no nivel máis axeitado, realizamos, previo ao prazo de matrícula, en maio e setembro, unhas Probas de Nivel, mediante as que se pode acceder directamente a 2º. ou 3º. curso, segundo o grao de coñecementos.

Alén disto, pódese acceder directamente, sen exame previo ningún, a 2º. ou 3º. curso cando se realizasen estudos de Língua Galega en Bacharelato ou COU.

### M: O ensino e os horarios.

A e N: Neste Centro temos dúas modalidades de ensino: presencial e libre (este último só dá dereito á realización de exames para obter os Certificados de Ciclo Elemental (3º.) e de Superior (5º.).

O galego impártese en horario de tarde, cunha banda que vai dende as 14 ou 15 horas ata as 20 ou 21 horas, dependendo do ano. O réxime das clases é de dúas horas en días alternos, se ben no primeiro curso pode haber, ademais, unha oferta diaria.

### M: Os contidos.

A e N: Nas clases traballamos para que os alumnos dominen as catro destrezas: comprensión e expresión oral e escrita. Xa que logo, durante os cinco anos, incidimos na lectura, na gramática, no estudio léxico, na elaboración e na tradución de textos. Usamos materiais elaborados polo Departamento tirados da nosa literatura e dos medios de comunicación.

O alumno sempre está en contacto coa Cultura Galega mediante as lecturas obrigadas que realizan en cada curso, así como polos traballos que elaboran sobre xeografía, etnografía, literatura, historia, música...

Estes contidos teñen como obxectivo, por unha parte, cubrir un programa prefixado e, pola outra, satisfacer as necesidades e intereses dos nosos alumnos.

### M: Os alumnos.

A e N: Nas nosas clases podemos atopar tipos de alumnos ben diferenciados. Nunha mesma aula

xúntanse alumnos galegos, fillos ou familiares de galegos e alumnos non galegos. Algúns deles son estudantes, outros licenciados ( filoloxía, xornalismo...), profesores de Primaria, donas da casa, xubilados, etc.

Ademais desta diversidade cultural, salentariamos as diferentes idades que oscilan entre os 14 e os 74 (mesmo encontramos na mesma aula a pais e fillos, parellas, etc.).

Aínda que a devandita mestura puidese parecer un atranco, xeralmente supón un beneficio xa que aporta ás clases moito dinamismo e asemade son enriquecedores os diferentes puntos de vista que xorden, sobre todo, na conversa.

#### M: Os intereses dos alumnos.

A e N: Os seus intereses van dende a alfabetización, perfeccionamento do nivel oral e o coñecemento da cultura galega, sen esquecermonos daqueles alumnos que precisan acreditar os estudos de galegos por motivos laborais ou como méritos á hora de opositar. Salientariamos tamén un certo grupo de alumnos que acode ás nosas clases por estaren facendo a súa tese doutoral en galego ou sobre algún tema relacionado con Galicia (historia, literatura, etc.).

#### M: As actividades.

A e N: Á parte das actividades de dentro da aula (pases de películas, audicións de música, exposición de traballos...), unha ou dúas veces ó ano

organizamos conferencias, recitais (dos propios alumnos), obras de teatro, concertos musicais, etc. Estes actos coinciden, case sempre, con algunha celebración da nosa Comunidade como o *Día das Letras Galegas*.

Sempre é importante a participación extraordinaria dos nosos alumnos tanto no artellamento como na asistencia ós actos.

#### M: Dificultades.

A e N: Todas. Dadas as características do noso ensino, ó sermos a única escola de idiomas na que se imparte galego fóra de Galicia, non contamos cun material axeitado ó noso tipo de ensino.

Se ben as nosas aulas están ben dotadas de medios (televisión, vídeo, casete, etc.), non lles podemos tirar todo o proveito pola falta de material audiovisual para o noso idioma.

Desexariamos que a Xunta de Galicia nos tivese en conta como un centro onde se ensina galego.

#### M: Conclusións.

A e N: Como profesoras resulta moi pracenteiro impartir clase de galego, sobre todo pola boa disposición dos alumnos. O ambiente nas clases é moi agradábel, establecéndose, en moitos casos, vencellos de amizade entre os alumnos e connosco que continúan mesmo unha vez rematados os estudos na escola. Moitos destes alumnos chegan a botar en falta a asistencia ás clases e solicitan novos cursos de repaso.